



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

“Dónde vés, María?”

“Veño de verdura  
¡ai qué ricas coles  
tén o señor cura!”

“¿Dónde vés María?”

“Veño de lavar,  
de lava-la roupa  
do meu melitar.”

Si algún día yo te quise  
sólo fue por engañarte,  
i aghora tanto me dá-ie  
quererte coma deixarte.

Anda deciendo tu madre  
que yo me muero por tí-e  
que me muero no es cierto  
pero que te quiero sí-e.

Heite de mandar á merda,  
ia mais á iela ihas d'ir-e  
esfolei ... un brazo  
coma aquel...

Miña nai por me casar-e  
ofreceume canto tiña,  
aghora que me casou-e  
paghoume cunha ghaliña.

La liru la lo... (volta)

Moito che queda bailar-e  
no aro da pandeireta  
inda mais ch'había estar-e  
si quitara-la chaqueta.

/: Bailador, baila con ela :/  
que che ten unha cariña  
parece unha Madanela,



/: Bailador bailadorinhe :/  
unha volta polo aire  
outra por xunta de min-he.

E viro e viro  
e volvo a virar  
as voltas do viro  
son malas de dar  
son malas de dar  
e viro e viro  
e volvo a virar.

Muito me doi a cabeza,  
muito me doi el pescozo  
de mirar pa corredoira  
i a ver se vén o meu mozo.

/: Hox'o meu aquí no' 'stai-e :/  
é criado de servicio  
non lle deron libertá-ie.

/: Ahí vén o meu mangallón-he :/  
cunha corre de carballo  
atada de pantalón-he.

Tanto me dá  
quererte coma deixarte.

Si algún día yo te quise  
sólo fue por engañarte  
agora tanto me dá  
quererte coma deixarte.

Moito lle queda ao bailar  
no aro da pandeireta  
aínda mellor che ía estar  
se quitárala chaqueta.